

NOTA DE PRENSA

BESTEIRO: "O ALCALDE DE MONTERROSO DEMOSTROU QUE EN TEMPOS DE CRISE É POSIBLE CONTROLAR AS CONTAS, REDUCIR A DÉBEDA E AUMENTAR OS SERVIZOS PÚBLICOS"

"Antonio Gato incrementou o emprego público e a dotación de infraestruturas para os seus veciños", asegura na presentación da candidatura socialista

Monterroso, 15 de abril de 2015. O secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, asegurou hoxe en Monterroso que "o alcalde Antonio Gato demostrou nos últimos anos que é posible gobernar en tempos de crise económica sen reducir os servizos públicos".

"Fronte ás políticas do PP, que só trouxeron máis desigualdade e pobreza, o alcalde de Monterroso foi quen de controlar as contas públicas, reducir a débeda e aumentar os servizos públicos", asegurou o líder do PSdeG na presentación da candidatura socialista no concello lucense, na que tamén estivo o secretario xeral dos socialistas na provincia, Juan Carlos González Santín.

"A aposta polo público foi clara, incrementando o emprego e dotando ao concello de novas infraestruturas como o campo de fútbol, o polideportivo e a residencia da terceira idade", manifestou Besteiro en Monterroso, que tamén é a sede dun grupo comarcal de emerxencia supramunicipal (GES).

Pola súa parte, Santín mostrou o apoio dos socialistas ao alcalde "para seguir gobernando, trátase dunha cuestión de xustiza porque conseguiches que Monterroso, o corazón xeográfico de Galicia, sexa hoxe un concello máis humanizado".

"Monterroso é o concello máis saneado da comarca e os veciños teñen que sabelo, pois os mesmos que falan todos os días de recortes, de esforzo presupostario, de déficit, os mesmos que xustifican as súas medidas na crise ou nas imposicións de Merkel, resulta que son os que duplican a débeda", manifestou.

"Sacou adiante a residencia de maiores co seu traballo e coa axuda da Deputación, porque dende logo co apoio da Xunta non foi, é un alcalde que ten demostrado que aposta polo emprego e inviste na calidade de vida dos maiores, garantíndolles a axuda no fogar", engadiu.



Candidatura

A candidatura encabezada por Gato segue a contar na súa lista con Ana de Azevedo Novo de segunda titular, Darío Rodríguez Vázquez como terceiro e José Antonio Rodríguez Guerra no cuarto lugar. Como novidade, o quinto titular é Martín Mejuto Sobrado, presidente das Xuventudes Socialistas da vila. Os seguintes nomes son Victoria Antas Pérez, Jesús Rodríguez Fontao, María Esther García Soengas, Lidia Vila Randulfe, Luciano García Gayoso e José Eligio Coto Rivas, por este orde. María Esther, Lidia e José Eligio preséntanse por primeira vez nesta candidatura con Antonio Gato.

Dos catro suplentes, tamén hai novos nomes: repiten Isabel Vázquez Vázquez e Avelino Gavieiro Rivas e incorpóranse Ángel Vázquez Barral e Pilar García Moreiras.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE